



ESCOLA DE VERÁN EMAO 2018

Do 9 ao 20 de xullo de 2018

Expte. 501/613

Dentro da programación prevista no Plan de Estudos da Escola Municipal de Artes e Oficios (PEMAO15), faise a seguinte Convocatoria de cursos de Verán a realizar entre os días 9 e 20 de xullo de 2018, dirixidos ás persoas interesadas, que cumpran os requisitos fixados indicados en cada un dos cursos.

CURSOS QUE SE CONVOCAN:

* Aulas de Debuxo e Moda e Confección: “O DEBUXO COMO LINGUAXE NA MODA: O FIGURIN I”

Impartido por Federico Fernández e Emma Pintos, mestres das especialidades na EMAO

Destinatarios: Persoas interesadas na práctica do debuxo na moda.

Datas: do 9 ao 20 de xullo de 10:00 a 13:00 horas

Duración: 30 horas

Obxectivo: Curso interdisciplinario na que nos centraremos, mediante exercizos, en achegar o debuxo do movemento do corpo, a proporción e as posicións diversas do mesmo, para aplicalo na representación dun figurín de deseño de roupa. Ademais trataremos os elementos dunha peza de ropupa, a representación de tecidos, as texturas e caídas, costuras, adornos... Toda a información que pode dar un debuxo a un deseño de moda.

Programa:

Breve radiografía da ilustración de moda analizando imaxes dos grandes ilustradores na historia da Moda

Coñecer a morfoloxía do corpo humano e aplicala aos figuríns de moda

Coñecer os tecidos, texturas, caídas e enrrugas e representalos por medio do debuxo

Representar os elementos dunha peza de roupa (costuras, peches, petos, colos, mangas...)

Coñecer e aplicar as texturas visuais reutilizar a liña e texturas visuais para a representación das formas

Material a aportar polo alumnado: Block de debuxo tipo esbozo formato A3. Papel cebola. Lapis HB e 2B. Goma.

* Aula de Cerámica Artística : “PASTA EXIPCIA”

Impartido por Miguel Vázquez, mestre da EMAO das especialidades de Cerámica Artística

Destinatarios: Persoas con coñecementos na cerámica, ben adquiridos na EMAO, ou acreditados presentando un curriculum formativo e que non estean matriculadas na EMAO no curso 2017-18

Datas: do 9 ao 20 de xullo, de 10 a 13 horas

Duración: 30 horas

Obxectivo: Elaborar xoias e volumes de pequeno formato, investigando as posibilidades contemporáneas desta técnica ancestral.

Programa:

Aproximación histórica á pasta exipcia.

As distintas formulacións da pasta.

Posibilidades de coloración.

Procesos de elaboración de volúmenes e a súa manipulación.

A pasta exipcia como recubrimiento cerámico.

Materiais e realización de mobiliario específico para o seu secado e posterior coción.

Material a aportar polo alumnado:

Pinceis e ferramentas de man propias da cerámica, así como libreta, lápiz e bolígrafo. Roupa de traballo

* Aulas de DESEÑO E ENCAIXE DE PALILLOS E OURIVARÍA: “MAR DE LATÓN E FÍO”

Impartido por M^a Angeles Nuñez e Sandra de Jesús, mestres de Deseño e Encaixe de Palillos e Ourivaría respectivamente

Destinatarios: Aberto a persoas sen ningún tipo de coñecemento sobre ás técnicas destas especialidades e que non estean matriculadas na EMAO no curso 2017-18

Datas: do 9 ao 20 de xullo, de 10:00 a 13:00 horas

Duración: 30 horas

Obxectivos: Deseño e creación dun colar ou gargantilla a partir dun tema dado, que incorpore un centro de metal feito en latón e corpo de encaixe. O curso terá un contido eminentemente practico.

- Deseñar a peza ou pezas de latón e tecido adecuándoas a temática proposta “O Mar”.
- Aprender a traballar as técnicas e procedementos básicos do encaixe e da Ourivaría.
- Crear unha peza rematada (gargantilla ou colar) que combine o tecido e o metal.



Programa:

Obxectivos:

- Deseñar a peza ou pezas de latón e tecido adecuándoas a temática proposta "O Mar".
- Aprender a traballar as técnicas e procedementos básicos do encaixe e da Ourivaría.
- Crear unha peza rematada (gargantilla ou colar) que combine o tecido e o metal.

Contido:

- Desenrolo do deseño dos distintos elementos que forman o colar, do bocexo á imaxe final.
- Adequación dos elementos ao tema, conseguindo que se complementen entre si e formen unha peza equilibrada e completa.

OURIVARÍA (metodoloxía teórico-práctica):

- Materiais e ferramentas a empregar
- Transferencia da imaxe ao metal
- Técnicas de corte: furar e calar
- Técnicas de conformado
- Recrudescencia, Recocado e Soldado.
- Construción de remates e peche
- Limar e esmerilar
- Acabados: Pulir, satinar, brillar

ENCAIXE (metodoloxía teórico-práctica):

- Materiais e ferramentas a empregar
- Deseño para a estrutura do encaixe
- Enchido dos palillos
- Realización básica do punto do tecido (Par Enteiro)
- Engarzar fio e outros materiais
- Remate do punto de tecido para unir co metal.

Material a aportar polo alumnado:

Os consumíbeis que se solicitan, compraranse unha vez comece o curso, pois adaptaranse ao que hai que crear.

- Fíos, lá, algodón, liño, etc.. Soldadura de prata. Fío de latón. Brocas. Fíos de serra nº 4/0 para arco de serra. Bata ou mandil

*** Aula de CAIM-ZANFONA : "BANCO DE CARPINTEIRO"**

Impartido por Xaime Rivas, mestre da EMAO da especialidade de Construcción Artesanal de Instrumentos Musicais-CAIM-Zanfona

Destinatarios: Persoas interesadas, sen requisitos especiais e que non estean matriculadas na EMAO no curso 2017-18. O curso está destinado a ofrecer un punto de arranque a todas aquelas persoas que querend iniciarse na luthería, non atopan onde dar os seus primeiros pasos.

Datas: do 9 ao 20 de xullo, de 10 a 13 horas

Duración: 30 horas

Obxectivo: Manexar e preparar a ferramenta manual que se emprega en carpintaría e por extensión na construción de instrumentos musicais de madeira. .

Programa:

Manexo de ferramenta do banco de carpinteiro a través da realización de varias practicas con diversos tipos de enlaces. Práctica de talla de voluta. Afiado de formóns e gubias. .

Material a aportar polo alumnado:

Madeira de faia

*** Aulas de Artesanía en coiro e CAIM Gaita : "Ferramentas para traballar o coiro de madeira"**

Impartido por Pepe Pereira e Carlos Corral, mestres respectivamente na EMAO das especialidades de Artesanía en Coiro e Construcción Artesanal de Instrumentos Musicais (CAIM)-Gaita

Destinatarios: Persoas interesadas no traballo no coiro, que non estean matriculadas na EMAO no curso 2017-18

Datas: do 9 ao 20 de xullo, de 10 a 13 horas

Duración: 30 horas

Obxectivo: as ferramentas para traballar o coiro foron evolucionando coa evolución técnica do oficio, pero aínda moitos séculos despois algunhas apenas cambiaron, con este curso pretendemos facer un achegamento á ferramenta e os seus usos baixo o punto de vista da súa construción e adaptación ó uso que se lle vai dar.

As veces resulta difícil atopar unha ferramenta adecuada para realizar un traballo específico e incluso o mercado non sempre nos pode aportar unha solución ó que estamos a buscar, con este curso pretendemos darlle ós alumnos as capacidades para solventar este tipo de problemas ou incluso a desenvolver novas ferramenta.

As pezas que se farán serán cabos para leznas, brunidores, pinzas de costura, un mazo para labrado ou soportes para ferramenta.

Programa:

Presentación da necesidade de ferramentas.



O traballo no torno, ferramentas, uso e precaucións.

A mesa, ferramentas, uso e precaucións.

O cabo da lezna, variacións e usos.

Os brunidores, manuais e mecánicos.

O mazo de labrado, uso e vantaxes.

A pinza de Costura, orixe e usos.

Material a aportar polo alumnado:

Máscarilla, luvas e gafas de protección. Parafusos. Lixas

* Aula de Serigrafía artística : “INSOLADO E ESTAMPACIÓN CON LUZ E TINTES NATURAIS”

Impartido por Alba Pardo, mestra da EMAO da especialidade de Serigrafía artística

Destinatarios: Alumnado que cursara na EMAO a especialidade de Serigrafía artística e que non estean matriculadas na EMAO no curso 2017-18

Datas: do 9 ao 20 de xullo, de 10 a 13 horas

Duración: 30 horas

Obxectivo: Xogaremos coa luz natural para facer o proceso serigráfico do insolado de pantallas así como para facer a antiga técnica fotográfica da cianotipia, tamén aprenderemos a obter tintes naturais para aplicarlos á estampación serigráfica.

Programa:

Presentación histórica da cianotipia

Técnica da cianotipia

O proceso serigráfico

Insolado serigráfico con luz natural

Plantas tintóreas e elaboración de tintes naturais

Impresión serigráfica con tintes naturais

Material a aportar polo alumnado:

Acetatos, materiais opacadores, papeis, cinta adhesiva, pinceis

* Aulas de Talla e escultura en madeira e de Encadernación artística : “ESTAMPACIÓN E EDICIÓN DUNHA CARPETA DE GRAVADOS”

Impartido por Rosa García e Pablo Otero, mestra da EMAO, respectivamente das especialidades de Talla e escultura en madeira e de Encadernación artística

Destinatarios: Persoas cun interese artístico no campo da arte gráfica e a edición e que non estean matriculadas na EMAO no curso 2017-18

Datas: do 9 ao 20 de xullo, de 10 a 13 horas

Duración: 30 horas

Obxectivo: realización dunha tiraxe de gravados en relevo e confección dunha caixa e carpeta artística como concepto de obra orixinal.

Programa:

O gravado en relevo

entintado e estampación en unha, dúas tintas e oco

realización dunha serie para a súa edición

A importancia da presentación como parte da obra

elaboración dunha caixa co deseño axeitado aos gravados

establecer un diálogo entre contedor e contido

Material a aportar polo alumnado:

Linóleo, papeis de gravado, libreta de apuntes/debuxo, regra de corte (metálica) e cúter

CONDICIÓN COMÚNS A TÓDOLOS CURSOS

Duración curso: 30 horas

Datas: do 9 ao 20 de xullo de 2018. Das 10 ás 13 horas

Lugar: Aulas e talleres da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo

Prazas limitadas: 15 por curso

Inscripción:

Gratuíta. Mediante envío de correo electrónico ao enderezo emao@vigo.org, cos seguintes datos (imprescindibles)

- Asunto: [nome do curso]
- Nome e apelidos do/a solicitante:
- DNI:
- Enderezo de correo electrónico no que desexan recibir a confirmación de admisión, se é o caso.
- Anos nos que cursou estudos da especialidade na EMAO: [se é o caso no que sexa condición telos cursado para acceder ao curso solicitado]
- Acreditación de coñecementos previos mediante currículum no caso do curso “Pasta Exipcia” (achegar arquivo en pdf co correo electrónico de solicitude)

Admisión de solicitudes:

- Non poderán inscribirse as persoas que estean matriculadas na EMAO no curso 2017-2018
 - Só se admiten persoas maiores de 16 anos.
 - Só serán válidas as solicitudes que cumpran estrictamente as condicións indicadas nesta convocatoria para cada curso en concreto.
 - A inscrición farase por estricta orde de recepción do correo electrónico de solicitude ata cubrir o máximo de prazas ofertadas.
 - A confirmación da matrícula realizaráa a EMAO exclusivamente por correo electrónico. No caso de producírense vacantes no primeiro día do curso, convocarase aos reservas
-

Prazo : ata o 3 de xullo

Vista a programación que antecede, **PROPONSE** Á CONCELLEIRA DELEGADA DE EDUCACIÓN, resolver o seguinte:

Aprobar a convocatoria e programación da Escola de Verán 2018 da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo

RO/

Vigo, nas datas rexistrada na sinatura dixital

O TÉCNICO RESPONSABLE DE EDUCACIÓN DE ADULTOS
Rafael Ojea Pérez

CONFORME
A XEFA DO SERVIZO DE EDUCACIÓN
M^a José Loureiro Bada

DECRETO

CONCELLERÍA
DE
EDUCACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Escola Municipal de Artes e Oficios

Á vista da PROPOSTA que antecede

RESOLVO

Aprobar a convocatoria e programación da Escola de Verán 2018 da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo

A CONCELLEIRA DELEGADA DE EDUCACIÓN

Olga Alonso Suárez